

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico info@ctnl.org e con teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO

Que logo da publicación no BOP da provincia da Coruña n.º 293 do venres 21 de decembro de 2007 da Convocatoria e bases para a contratación, en réximen laboral temporal, dun técnico en normalización lingüística no Concello de Oleiros, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que a contratación de persoal técnico mediante convocatoria pública por parte dos concellos é sempre algo positivo, polo que así valoramos o paso dado polo Concello de Oleiros de contratar un técnico ou técnica de normalización lingüística.
2. Na convocatoria publicada polo Concello de Oleiros vemos algúns aspectos positivos que son acordes cos criterios da CTNL, nomeadamente:
 - a. A denominación de técnico/a de normalización lingüística
 - b. A concreción das funcións, que consideramos que son as propias dun SNL
 - c. O sistema de selección mediante concurso-oposición, os criterios de puntuación da fase de concurso e as probas concretas da fase de oposición
3. Aínda tendo en conta estes aspectos da convocatoria que valoramos como positivos, hai unha cuestión grave que cómpre modificar: a condición C da base 5 é, textualmente «Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias». Con respecto a esta condición, hai que facer as seguintes apreciacións:
 - a. Debido ás funcións que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolverlas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben ser –ou estar para todos os efectos equiparadas ás– prazas de funcionarios/as do grupo A: doutores/as, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes.

- b. Polo tanto, debe ser condición das persoas aspirantes estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, e non simplemente estar en posesión do «título de bacharelato ou equivalente».
- c. En relación con isto, cómpre lembrarlle ademais que para a concesión de subvencións ás entidades locais para a normalización da lingua galega por parte da Xunta de Galicia «Os servizos municipais e provinciais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun especialista titulado en lingua galega: licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica (sección galego-portugués)»¹ e que é requisito dos convenios da Deputación da Coruña cos concellos da provincia para a normalización lingüística que «Os servizos municipais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun especialista titulado en lingua galega: licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués); mestre co diploma de especialista en lingua galega ou co diploma do Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega»².

POLO QUE, SOLICITO

- Que para que o Concello de Oleiros poida seleccionar o persoal máis e mellor capacitado para desenvolver as funcións concretas que se sinalan na convocatoria publicada no BOP da provincia da Coruña n.º 293 do venres 21 de decembro de 2007, para optimizar o labor do SNL local, para que o Concello de Oleiros poida optar ás subvencións para o mantemento de SNL da Xunta e ao financiamento do SNL por medio dun convenio coa Deputación da Coruña e, en definitiva, para contribuír a mellorar o proceso de normalización da lingua galega desde o Concello de Oleiros, se modifique a condición C da base 5 da convocatoria para que a condición das persoas aspirantes sexa «estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes» e que a praza de técnico/a de normalización lingüística sexa –ou estea para todos os efectos equiparadas ás– prazas de funcionarios/as do grupo A.

¹ Véxase o artigo 4.º da Orde do 14 de maio de 2007 (DOG do 25 de maio) pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.

² Véxanse os convenios asinados entre a Deputación da Coruña e os concellos da provincia para o mantemento dos servizos de normalización lingüística.

- Que contén co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL do Concello de Oleiros.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007

**Remítirase copia deste escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de Oleiros e á Deputación da Coruña.*